

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de xullo de 2018**

ASISTENTES:

<p>PRESIDENTE: D. Pablo Pérez Pérez</p> <p>DEPUTADOS/AS: D. Plácido Álvarez Dobaño D. José Antonio Feijoo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D.^a M.^a Teresa Cerdeira Valiñas D. Vicente Gómez García D. José Ignacio Gómez Pérez D.^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez</p> <p>SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes</p> <p>INTERVENTOR ACCTAL: D. José Mosquera Casero</p>	<p>No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 18 de xullo de 2018, ás 18.15 horas, baixo a presidencia de D. Pablo Pérez Pérez, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:</p>
--	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE XUÑO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de xuño de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO NA OU-0502 (PPOQ 2+100-2+250), N.º 101/POS/2018, NO MUNICIPIO DE COLES.-

O secretario da comisión expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1. Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia*.
2. Acordar definitivamente a NECESIDADE DE OCUPACION, CON CARÁCTER URXENTE, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

Finca	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietarios	Calificación	Dominio
1	15	228	32027A01500228	- HEREDEROS DE REGINA GONZALEZ FARIÑAS	MONTE BAIXO	82,97
2	15	258	32027A01500258	- REGINA AGROMAYOR GONZALEZ	LABOR OU LABRADÍO SECANO	3,08
3	15	259	32027A01500259	- REGINA FARIÑAS GONZALEZ	LABOR OU LABRADÍO SECANO	3,18
4	15	256	32027A01500256	- ILDA YEBRA MOURE - ROBERTO GONZALEZ YEBRA - CONCEPCION GONZALEZ YEBRA - JOSE MANUEL GONZALEZ YEBRA - ANTONIO GONZALEZ YEBRA - AURELIO GONZALEZ YEBRA	LABOR OU LABRADÍO SECANO	13,19
5	15	269	32027A01500269	- ILDA YEBRA MOURE - ROBERTO GONZALEZ YEBRA - CONCEPCION GONZALEZ YEBRA - JOSE MANUEL GONZALEZ YEBRA - ANTONIO GONZALEZ YEBRA - AURELIO GONZALEZ YEBRA	LABOR OU LABRADÍO SECANO	15,47
6	15	472	32027A01500472	- HEREDEROS DE AQUILINO AGROMAYOR GONZALEZ	LABOR OU LABRADÍO SECANO	17,00

3. Publicar e notificar este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

3º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE ACUÁTICO NA CIDADE DE OURENSE.-

A Presidencia cede a palabra a don Armando Ojea Bouzo, do grupo de DO, para que expoña e defenda o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de DO, expón o contido da moción, dando lectura á parte dispositiva da proposta.

Non se producen intervencións, someténdose o asunto a votación, obtendo o voto favorable do Grupo de DO (1) coa abstención do resto dos grupos, polo que a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia para que, sen dilación, acometa un estudo integral para a inmediata construción, implantación e posta en funcionamento dun parque acuático na cidade de Ourense, asumindo o seu completo financiamento.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CONSTRUCIÓN DUN APARCADOIRO PÚBLICO E LIBRE NA CONTORNA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE.-

A Presidencia cede a palabra a dona Susana Rodríguez Rodríguez, deputada do Grupo Socialista, para que expoña e defenda o contido da moción.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, deputada do Grupo Socialista, expón o contido da moción, dando lectura á parte dispositiva da proposta.

Non se producen intervencións, someténdose o asunto a votación, obtendo o voto favorable do Grupo Socialista(3) coa abstención do resto dos grupos, polo que a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Que a Deputación de Ourense realice as xestións oportunas e pertinentes para dotar á contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) dun aparcadoiro disuasorio libre e gratuíto, dentro da legalidade urbanística e administrativa.

5º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentaron.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás 18.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.